

Delegadas da CIG-Ensino presentan preto de 6.000 sinaturas en demanda dun convenio digno, salarios xustos, melloras laborais e baixada de rateos para mellorar a calidade educativa

A campaña de recollida de sinaturas polas traballadoras tivo un amplo apoio das familias e culminou coa súa entrega na Confederación de Empresariado de Galiza onde se solicitou unha reunión coa patronal galega coa finalidade de explorar a posibilidade dun marco galego de relacións laborais: convenio galego.



Unha vintena de delegadas da CIG-Ensino que traballan nas escolas infantís privadas e de xestión indirecta celebraron unha **assemblea previa á concentración** que tivo lugar o pasado 21 de marzo **diante da sede da patronal galega** na Rúa do Vilar en Compostela. En declaracións aos medios tanto o responsábel deste sector da CIG-Ensino, Henrique García, como unha das traballadoras dunha escola de Arteixo, Ana Rodríguez, destacaron a indignación e impotencia que sente este colectivo, conformado por **máis de 2000 traballadoras en Galiza**, ante o inmovilismo das negociacións do convenio estatal deste sector. **Despois de 15 meses de “negociación” nos últimos dous anos** e do bloqueo patronal a ceder ante ningún avance, con **6 folgas e outras tantas mobilizacións con Galiza como**

referente, nestes intreos o conflito está no **Servizo de Intermediación e Arbitraje (SIMA)** no que un árbitro ten que mediar e decidir.

A primeira cuestión que se plantexou no SIMA do 6 de marzo é decidir **en que porcentaxe e se se aplica con retroactividade algunha suba salarial**, conxelada até a actualidade, como **o incremento do SMI que as traballadoras, a maioría delas, aínda non están cobrando** xa que **seguen coa cantidade correspondente a 2021** (1018, 1028 e 1031 euros), ano de vixencia das últimas táboas salariais.

A CIG-Ensino **solicita a aplicación do IPC acumulado, un 12,20%, desde 2021 até 2023.**

O representante sindical expuxo as liñas concretas do manifesto asinado, así como as propostas ratificadas na asemblea de delegadas que se van defender no SIMA o **próximo 11 de abril**, aínda que ve moi difícil poder acadalas no convenio estatal. O motivo é que a situación en Galiza é diferente á do resto do Estado dado que aquí todas as escolas infantís son gratuítas, de forma que non defendemos dobres táboas salariais e moito menos tres como hai no actual convenio en vigor, dependendo do tipo de xestión dos centros.

As reclamacións das traballadoras son claras, indicou Henrique García: **“soldos dignos relacionados coa súa responsabilidade, con subas retributivas acordes ao IPC, reducións de xornada de atención directa de crianzas de 0 a 3 anos con parte non lectiva para a preparación de material e programacións didácticas, melloras en permisos, medidas de conciliación e melloras sociais”**. Dada a situación peculiar de Galiza, a CIG-Ensino pide que a **Consellaría de Política Social interveña directamente na situación dado que ten competencias para facelo**, ao depender dela este sector. Ademais, por exemplo, **a fixación das rateos** é algo que lle atinxe directamente ao departamento da Xunta, que ten as competencias.

Pola súa banda, a traballadora da Escola de Arteixo puxo como exemplo a súa situación indicando que ten ao seu cargo 20 nenos e nenas de 2 a 3 anos, unha rateo coa que é imposible que estes poidan estar atendidos como merecen. No resto de etapas a situación é igualmente precaria, xa que de 0 a 1 anos a ratio por educadora é de 8 e de



1 a 2 anos de 13. **“Nestes momentos poucos sectores teñen peores condicións de traballo ca nós e a complexidade do noso traballo leva aparelada unha responsabilidade moi grande. Todo o traballo de programación educativa témolo que facer fóra do centro e as titorías coas familias tamén”**, indicou Ana Rodríguez.

Ao remate da concentración entregáronse no rexistro da CEG un total de 5807 sinaturas, **de máis de 200 escolas infantís visitadas pola CIG-Ensino** que, xunto con outras que chegaron no momento da concentración, sitúan a cifra final en **preto de 6000 sinaturas recollidas en só tres semanas**. A campaña contou co **apoio das familias usuarias das escolas, en solidariedade coas traballadoras**. Ditas sinaturas tamén lle serán remitidas á mesa de negociación do convenio estatal, agora no SIMA (como medida de presión social e que se teñan en conta as reivindicacións xustas e lexítimas das traballadoras galegas) e á Consellaría de Política Social cando se nomee conselleira/o.

Se finalmente non hai ningún avance nese marco estatal de negociación, porque do SIMA non se agarda nada relevante,

nin tampouco das patronais nin das organizacións sindicais estatais, a CIG-Ensino propón que se abra unha **negociación a nivel galego coas empresas que xestionan estas escolas para avanzar en melloras reais para as traballadoras pero tamén da calidade do servizo educativo**.

Cómpre lembrar que o ano pasado leváronse a cabo **6 xornadas de folga**, aínda que con moitas limitacións polos servizos mínimos abusivos, impostos tamén polas administracións que actuaron coma patronais. As traballadoras recordaron na concentración que o argumento das administracións (Consortio, Consellaría, Concellos...) e das empresas foi que o seu traballo era esencial, **“máis ese carácter esencial non se ve recoñecido de ningunha outra maneira”**.

Por último aproveitaron a presentación das sinaturas para **solicitar unha reunión con representantes das patronais galegas** que, de partida, non se negaron a mantela, comprometéndose a xestionar contactos con asociacións do sector como AGADEI, dos que informarán no futuro. A parte social quedou en solicitar formalmente unha xuntanza.

ASEMBLEA DELEGADAS NA QUE SE RATIFICARON AS PROPOSTAS DE CIG-ENSINO A DEFENDER NO SIMA E OUTRAS MEDIDAS A TOMAR

En primeiro lugar, insistir no emprego dunha linguaxe non sexista en toda a redacción do texto, empregando termos neutros e ambos xéneros. En segundo lugar, **adaptación do texto ao recollido na normativa laboral vixente**, que entrou en vigor despois da negociación e/ou publicación do XII convenio en vigor.

SALARIOS

(en negriña a retroactividade reivindicada pola CIG para o SIMA do 11 de abril)

Na xestión indirecta, a 1/01/2026 as Mestras deben chegar aos 1780€, o Persoal Complementario a 1770€, as Educadoras a 1450€ e o PAS a 1350€, o camiño debe ser **abonar xa o 12,20% (IPC 2021: 6,5% que menos o 3,1% aplicado queda pendente o 3,4% + o 5,7% de 2022 + 3,1% do 2023)** retroactivamente desde xaneiro de 2023 e o resto repartido no 2024 e 2025. En caso de comezar a subida do 12,20% en xaneiro de 2024, cada traballador/a recibirá unha **única paga durante 2024 de 1.500€ en compensación polo incremento deixado de percibir pola retroactividade de 2023**. Concordamos co diferencial para as educadoras sobre o PAS (SMI) de 100€ mínimo a maiores. De asinar táboas a dúas marchas, con e sen pregos publicados, o que deixara de gañar o persoal sen novos pregos recibiríano nun complemento salarial ou paga única de atrasos cando se unifiquen as táboas (2026), de forma que complementase a



diferenza salarial que non percibiu con respecto a quen si se lle aplicou as táboas dos novos pregos. Igual nos centros de obras sociais e fundacións.

Na xestión directa, para a CIG-Ensino as subas a aplicar deben ir no camiño de que a diferenza salarial coas de xestión indirecta debe alcanzar a equiparación salarial en 2026, ou como moito 20€ ou 30€ menos en cada categoría, como sempre foi historicamente nos convenios anteriores. A xustificación está en que en Galiza ambos os dous tipos de xestións son gratuítos e a proposta do novo goberno camiña cara a esa gratuidade na etapa 0-3.

Ningún salario base estará por debaixo do SMI.

XORNADA

Camiñar cara á redución das xornadas máis altas a 35h/semana e adaptación da xornada máxima anual. Recomendación de directivas europeas. O goberno xa vai reducir a mesma a 37,5h/semana. No persoal docente (educador/a, mestre/a) diferenciar xornada lectiva de non lectiva (1h./ día).

A flexibilidade horaria, proposta pola patronal, entendemos que é innecesaria e non se xustifica

neste sector. Só se entendería introducindo medidas de conciliación laboral e familiar, que carecen delas, nas licenzas e permisos e aceptando a xornada que reivindicamos. A flexibilización proposta vai na contra do dereito a conciliar deste persoal, cando precisamente un dos fins dos seus centros de traballo é a conciliación do resto de traballadores/as. Avanzar neste punto non significa ceder nas reivindicacións das táboas salariais.

INCAPACIDADE TEMPORAL

Rexeitamos calquera regresión neste artigo, non ten xustificación, dado que moitas veces as traballadoras acoden ás escolas enfermas e non hai abuso de absentismo como di a patronal. O complemento da empresa nos 3 primeiros meses, que debe ser do 100% do salario, debe cumprirse e retirar o de non abonar o correspondente ás extras dos días de baixa laboral, pois é contradictorio ("100% do salario" cando a paga extra tamén é salario). O recorte no complemento salarial da empresa que pretende facer a patronal ao comezo da baixa e aumentalo ao final, non é compensación algunha, é unha perda moito maior para o persoal e máis cando falamos de

salarios precarios cos que non chegan ao fin de mes. Só sería negociable no caso de alcanzar as melloras anteriores na xornada, garantir o 100% do salario os 3 primeiros meses (contando a paga extra) na primeira baixa, completar até o 90% do salario na segunda e até o 85% na terceira e seguintes; aceptando recoller que unha enfermidade ou accidente leve, con xustificación documental médica, que non dá lugar a unha IT permita ausentarse do posto de traballo até 24 ou 48h. Avanzar neste punto non significa ceder nas reivindicacións das táboas salariais.

CLAUSULA DE DESCOLGUE

Mantela tal cal está, xustificándoo o pouco que foi solicitada polas empresas, non sendo necesaria e menos cando camiñamos cara a unha gratuidade neste ensino como xa temos en Galiza, e que as rateos deben baixarse (o segundo ciclo de infantil de 3 a 6 anos comeza con 20 nenos/as o vindeiro curso).

LICENZAS E PERMISOS

O apartado G) amplialo a fillos/as menores e maiores a cargo que non poidan valerse por si mesmos.

MELLORAS SOCIAIS

Na excedencia voluntaria reserva do posto de traballo 1 ano. En todas as xornadas dereito a mínimo 15´ de descanso que computarán como de xornada efectiva.

Para rematar, a asemblea tratou o tema de accións futuras no sector, e máis se o convenio estatal non cumpre as nosas reivindicacións e se volve asinar en falso e vendendo o persoal traballador, chegando á conclusión de que temos que **seguir traballando a nosa base social para incrementalala, así como a representación sindical, co fin de acadarmos a maioría que nos permita poder intentar forzar a apertura dun marco galego de negociación no sector**, pulando por un convenio galego digno. Mentres non o poidamos acadar, loitar por establecer un **Complemento Autonómico salarial da Xunta, ou un Local nos Concellos**, que dignifique e recoñeza estes traballos feminizados e “esenciais” como definen as administracións pero que nin se pagan nin se recoñecen como tales. Para isto debemos ter claro que a loita é o único camiño!

Sabemos que este camiño vai ser longo e complicado, máis cando estamos sós neste cometido pois as demais OOSS da Galiza non están polo labor como se puido ver na ruptura sindical que provocaron no comezo desta

campaña de sinaturas iniciada a proposta da CIG-Ensino. Sobre isto temos que informarnos que tivemos coñecemento de que **CCOO promove en Andalucía a negociación dun convenio autonómico do sector da atención á discapacidade**, xusto a posición contraria que ten este mesmo sindicato en Galiza, onde nega a capacidade de chegar a acordos a nivel galego e chega a acusar a CIG de enganar as traballadoras e traballadores coa nosa insistencia en que se debe negociar un convenio galego, como se acaba de ver recentemente no comunicado que difundiron contra nós. É un exemplo de hipocrísia e incoherencia que o que negan en Galiza se promova noutros ámbitos como o andaluz.

Porén, máis alá do malestar que provoca esta incoherencia, desde a CIG agardamos que esteamos diante dunha **rectificación das directrices centralistas de CCOO** e que aposten a partir de agora por camiñar no obxectivo dun marco galego de relacións laborais e de negociación colectiva, en todos e cada un dos sectores e convenios colectivos que, de momento, están atados de pés e mans por convenios de ámbito estatal (atención á discapacidade, educación infantil, menores, ensino privado con ou sen concerto entre outros)..

A PRIMACIA DO AMBITO AUTONÓMICO SOBRE O ESTATAL NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

A CIG-Ensino quere lembrar igualmente que está en proceso de negociación no ámbito parlamentario unha modificación legal para garantir que, no caso de existir un convenio colectivo de ámbito autonómico, este teña preferencia sobre o estatal, froito do acordo de investidura do actual goberno. Nun Estado que se pretenda descentralizado e no que defendemos que se recoñeza o carácter plurinacional a todos os efectos, **as relacións laborais teñen que garantir a maior proximidade e respecto polos traballadores e traballadoras e pola súa representación sindical**. Se a isto lle engadimos a experiencia en moitos convenios colectivos, con prazos infinitos de negociación e con acordos das cúpulas sindicais e patronais a nivel estatal que despois cohartan calquera mellora, está claro que a única saída á dignificación salarial e de condicións de traballo, tamén no ámbito da educación infantil, pasa por negociar a nivel galego. Nese camiño está a CIG-Ensino desde sempre e agardemos que outros veñan atrás.